

OU
UO

BOURENSE
en
FUTURO

OURENSE

ilusión

impulso

innovación

inteligencia

importancia

inconformismo

FUTURO

1

OURENSE

5

benestarazónsentimentourensaniáambiciónosoportunidade

1

FUTURO

9

Plan

● OURENSE ●
● 15-19 ●

Plan de xestión e estratexia operativa

2015 – 2019

- ✓ Principios inspiradores. A visión de provincia
- ✓ Cal é o campo de xogo e a provincia que vai xerar?

BOURENSE
15-19

48
meses

PLAN

15

● OURENSE ●
● 15-19 ●

PLAN

77
acciones

15

O **Plan Ourense 15-19** é unha continuación coherente do **Plan Ourense 92** na nova lexislatura que estamos a piques de comezar. Nesta próxima etapa histórica, que remata coa celebración das eleccións locais –agardo que tamén provinciais- do domingo 26 de maio de 2019 debemos ter en conta dous importantes fitos:

- 1. O Programa europeo H2020**
- 2. A chegada a Alta Velocidade**

Ambos aspectos, combinados e enmarcados nunha estratexia provincial a medio/longo prazo poden xerar os suficientes elementos de valor que fagan da provincia un referente nacional e internacional.

Potenciando actividades deportivas de alto nivel (baloncesto, automobilismo, piragüismo, fútbol...) preténdese xerar sinerxias para que a través do deporte de base (escolas deportivas provinciais) poñamos a plataforma dun futuro provincial relacionado co deporte.

Os grandes eventos proporcionan recursos económicos indirectos, e cunha estratexia provincial a medio/longo prazo queremos conseguir a captación de deportistas de alto nivel que axuden á xeración de novos deportistas provinciais.

Co obxectivo posto na inmediata chegada do AVE, estableceremos unha estratexia turística provincial para atraer un novo concepto de turismo. É o momento do turismo termal, do turismo cultural e do turismo de natureza.

Un gran número de potencialidades poden converter a provincia nunha zona de atracción e xeración de novos negocios tecnolóxicos. O sector das industrias culturais e creativas terá un importante protagonismo.

Coa colaboración activa da universidade aproveitaremos o horizonte 2020 para captar e apoiar a xeradores de ideas e proxectos. No medio/longo prazo a provincia de Ourense converteríase nun referente tecnolóxico.

Como un dos obxectivos plantexamos promover un polo de actividade en I+D+i coa participación de actores nacionais e internacionais para proxectar iniciativas empresariais coa lóxica creación de emprego.

Continuando co traballo do Plan Ourense 92 e as súas bases, o horizonte 15-19 será o momento da implantación do concepto de **Provincia Intelixente**, “patentado” por este goberno provincial. Neste programa desenvolveranse aspectos como:

- **Administración Electrónica Provincial**
- **Intelixencia de Información Provincial**
- **Toma de Decisións Intelixentes...**


Todo elo cunha vertente irrenunciabile de cooperación e asistencia ás entidades locais da provincia.

Para que unha provincia funcione é imprescindible a colaboración activa dos seus habitantes. Por iso estableceremos mecanismos de comunicación e participación cidadá, afondando nos que xa implementamos nos últimos anos.


O medioambiente e o territorio como sector estratéxico de desenvolvemento. Utilizaremos as nosas peculiaridades para xerar un novo modelo productivo. Sexamos innovadores e cremos un novo sector que xere emprego e sirva de imaxe de marca que podamos exportar. A **“MARCA OURENSE”**.

Coa Axencia Provincial da Enerxía e do Medio Ambiente colaboraremos tamén na creación de “emprego verde” ou “eco-emprego”.

Todos os programas anteriores oriéntanse a un dos principais obxectivos provinciais: asentarse e captar poboación. Converter a Ourense nunha “provincia habitable” permitirá que nun horizonte próximo no que as distancias se reduzan, podamos captar poboación e incrementar o número de residentes na provincia, invertendo a tendencia histórica das últimas décadas.

Un exemplo do que quero expresar ocorre en Portland. Atraen moita xente de todo USA con ideas, pois estamos ante unha cidade pequena, agradable e atractiva. Este modelo é o que faremos a nivel provincial aproveitando todo o que temos. Vexámolo neste vídeo: 

OURENSE HABITABLE



PLAN

15

INICIATIVAS E PROXECTOS

■ ESTRUTURA ORGÁNICA E REFORMA DO REGULAMENTO.

RECURSOS HUMANOS:

- Creación da Área de Gobernanza e Transparencia.
- Profunda remodelación da RPT.
- Posta en marcha da Unidade administrativa de mellora dos servizos públicos.
- Reorganización das comisións: denominacións e funcionamento.
- Reforma do regulamento para incorporar as preguntas dos cidadáns ao presidente.
- Publicación na web da Deputación das preguntas por escrito que formulen os grupos políticos, e as súas respostas.

■ ECONOMÍA E FACENDA:

- Obxectivo de endebedamento: 0%
- Deuda financeira: CERO.
- Intereses finaceiros: CERO.
- Redución do Capítulo de Persoal ata o 30% do orzamento.
- Aprobación anual de orzamentos no mes de setembro.

MEDIO AMBIENTE:

- Asistencia e cooperación ás comunidades propietarias de montes veciñais en man común.
- Centro promotor de *Covenant of Majors Adapt* en Galicia.
- Estratexia provincial de enerxía e cambio climático 2018-30.
- Creación do Grupo de Acción Provincial (GAP) para a participación en foros de debate sobre proxectos e iniciativas do equipo de goberno. Propostas de mellora.
- Servizo provincial de xestión intermunicipal de servizos enerxéticos.

MEDIO AMBIENTE:

- Constitución da sociedade de economía mixta para a prestación de servizos no ámbito do Medio Ambiente (sinaladamente a recollida de lixo).
- “Portal polo emprendemento e diversificación rural”, como solución ao cambio climático e abandono do rural.
- Promoción do “eco-emprego” na provincia de Ourense.

■ INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN EXTERIOR:

- Ingreso en Partenalia (Asociación de gobernos locais intermedios europeos).
- Ingreso na Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Eurocidade Chaves-Verín.
- Cumio provincial de alcaldes e alcaldesas.
- Plataforma provincial de participación cidadá.
- Visión integral de provincia: estratexia de desenvolvemento urbano sostible cos 4 eixos básicos (Plan Termal, Axencia Provincial da Enerxía e do Medio Ambiente, Competitividade e Provincia Intelixente).

■ INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN EXTERIOR:

- Creación do Centro de Estudos Locais.
- Enquisa provincial de funcionamento e calidade na prestación dos servizos públicos.
- Creación da web e APP “Portal estatístico da provincia de Ourense”.
- Posta en marcha da web “Ourensemigrante”

COOPERACIÓN COS CONCELLOS:

- Asesoramento na elaboración das RPT (diagnose e informe organizativo).
- Arquivo Administrativo Provincial.
- Nova fórmula de xestión dos espazos culturais e deportivos no Concello de Ourense.
- Cooperación e asistencia en materia de transparencia e goberno aberto.
- Incremento do Plan de Cooperación Municipal ata 60.000 € por concello.

BENESTAR:

- Plan Provincial de Apoio á Natalidade.
- Plan de Emprego vinculado ao turismo cultural e ao emprendemento.
- Plan de cooperación cos concellos para xerar e xestionar os expedientes dos cidadáns dende os servizos comunitarios para o traballo dixital e en rede.
- Consello Provincial de Responsabilidade e Acción Social. Co-participación no deseño das políticas provinciais dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro.
- Fondo Provincial de Solidariedade Ourense (sOU), para a atención de situacións personais de extrema necesidade.

BENESTAR:

- Programa “Respi Termal OU” nos balnearios da provincia, para o descanso de coidadores de persoas dependentes.
- Reingreso na sección de Vilas Termiais da FEMP.
- Programa “Concili OU” de políticas demográficas e de igualdade.
- Plan “Empregou” de acceso ao mercado laboral de titulados universitarios en sectores emerxentes da economía provincial (6 meses de contrato laboral en empresas da provincia, subvencionados ao 100% pola Deputación).
- Rede de puntos de acceso audiovisual nos concellos da provincia, para difundir políticas da Deputación de Ourense e para a participación cidadá.

INFRAESTRUTURAS:

- Transporte á demanda.
- Administración electrónica: información na web sobre o estado de tramitación de procedementos administrativos.
- Revisión do modelo das brigadas de Vías e Obras.
- Plan de Accesibilidade aos Colexios Electorais.
- Rede Provincial de Transportes Púlicos (unha provincia de Alta Velocidade). Metro de superficie.
- Vialidade invernal: estacións meteorolóxicas con acceso á rede que informen do estado da estrada.

CULTURA E DEPORTES:

- Consolidación da Ourense ICC Week como referente nacional.
- Plan Director do Mosteiro de San Pedro de Rocas.
- Rede Provincial de Museos.
- Museo da Roda de Afiar, en colaboración con Florencio de Arboiro.
- Museo Galego da Emigración.
- Inventario do patrimonio artístico da Deputación de Ourense e exposición itinerante comarcal.
- Incrementar a colaboración coa organización do Festival de Cine Internacional de Ourense.

CULTURA E DEPORTES:

- Circuito provincial de cine de verán.
- Rede Provincial de Auditorios Municipais.
- Axenda Cultural Provincial.
- Consolidación de “ESQUIOU”, “Pazolandia”, “Xornadas de Folclore” “Campamento da Ourensanía” e “Coñece Ourense”.
- “Coñece Ourense” para escolares.
- Consolidación do CERAC.
- Axudas a clubs deportivos para contratar técnicos titulados.

CULTURA E DEPORTE:

- Axudas para a formación de técnicos deportivos.
- Campaña de escolas de iniciación deportiva.
- Programa “Ouro” para o fomento da actividade física en persoas maiores.
- Exposición itinerante “Deporte ourensán, historia viva”.
- Circuito provincial de andainas e rutas de sendeirismo.

INORDE - EMPRENDEMENTO:

- Máxima operatividade do Centro Agroforestal de Riós.
- Remate da granxa-escola de Armariz.
- Posta en valor da granxa de Requeixo (Allariz).
- Plan de Emprendemento.
- Plan “Ourense, a provincia termal”.
- Axencia da Enerxía e do Medio Ambiente.
- Plan Provincial de Turismo Cultural.
- Plan “Transforma Ourense II”.
- Sede na capital para as denominacións de orixe provinciais.
“Saborea Ourense”.



Plan

• **OURENSE** •
• **15-19** •